



CONCELLO
DA LARACHA



Ciudades
Amigas
de la Infancia

1º Plan Local de Infancia e de Adolescencia

Concello da Laracha



O presente documento denominado **"Plan Local de Infancia e Adolescencia do Concello da Laracha"** foi elaborado polo equipo técnico de Desenvolvemento Local Galego S.L. (DELOGA), segundo as indicacións e prescricións do contrato de servizos co expediente 022/G003/001410.

O persoal técnico responsable dos traballos de participación da empresa DELOGA estivo formado polas seguintes persoas:

- Ismael Blanco Bouza. Sociólogo
- Alejandro Voces Teixeira. Sociólogo
- Fernando Riotorto Varela. Sociólogo
- Eva María Garabal Nieto. Politóloga

Na Laracha, a 18 de setembro de 2023

Ismael Blanco Bouza

Coordinador do proxecto

32646009Q
ISMAEL
BLANCO (R:
B70292081)

Firmado digitalmente por 32646009Q
ISMAEL BLANCO (R: B70292081)
Nombre de reconocimiento (DN):
2.5.4.13=Ref:AEAT/AEAT0453/PUESTO
1/36801/05082022095533,
serialNumber=IDCES-32646009Q,
givenName=ISMAEL, sn=BLANCO BOUZA,
cn=32646009Q ISMAEL BLANCO (R:
B70292081), 2.5.4.97=VATES-B70292081,
o=DESENVOLVEMENTO LOCAL GALEGO SL,
c=ES
Fecha: 2023.09.18 10:59:47 +02'00'

1.	Introdución.....	6
2.	Consideracións Metodolóxicas	7
3.	Referentes	8
4.	Situación da Infancia e da Adolescencia	10
4.1.	Indicadores sociodemográficos e económicos contextuais.....	10
4.2.	Recursos dispoñibles	13
4.2.1.	Centros Educativos.....	13
4.2.2.	desenvolvemento académico e conciliación familiar	13
4.2.3.	Servizos de atención e integración social para NNA e familias.....	14
4.2.4.	Recursos de formación, sensibilización, etc.....	14
4.3.	Análise da situación do municipio realizado por NNA	14
4.3.1.	Como nos movemos.....	14
4.3.2.	Onde e como xogamos.....	16
4.3.3.	Autonomía.....	19
4.4.	Participación cidadá	19
4.5.	DAFO-resumo	19
5.	Liñas Estratéxicas	23
6.	Plan Local de Infancia e de Adolescencia.....	25
6.1.	Impulsar a participación dos NNA.....	26
6.1.1.	Aprobación dun regulamento municipal de participación.....	26
6.1.2.	Dinamización do Espazo de Participación de Infancia e Adolescencia	27
6.1.3.	Participación no Consello autonómico de participación da infancia e adolescencia	28
6.1.4.	Sumarse como municipio na iniciativa “A Vila do Mañá”	29
6.1.5.	Coordinación entre o Espazo de Participación de Infancia e de Adolescencia e o Espazo de Coordinación interdepartamental	30
6.1.6.	Deseño do espazo de recreo dos centros educativos e dos parques do municipio de xeito participativo	31
6.2.	Construír un municipio comprometido coa mobilidade activa e segura	32
6.2.1.	Elaboración dun Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS).....	32
6.2.2.	Deseño de camiños escolares seguros e desenvolvemento dun Bicibús na contorna dos CEIPs de Caión, Otero Pedrayo e Alfredo Brañas	33
6.2.3.	Deseño dun Programa de Educación Viaria	34
6.2.4.	Dinamización de actividades de concienciación en materia de mobilidade dentro do EPIA (carnés peonís, multas éticas, xornadas de seguridade viaria, etc.).....	35

6.2.5. Adhesión á rede “Ciudades que caminan”	36
6.3. Coidar o noso medio ambiente, os nosos saberes e a nosa historia	37
6.3.1. Deseño do Programa “Daquela laracha”	37
6.3.2. Ampliación e mantemento de actividades de coidado do territorio (Patrulla ecolóxica, Limpeza de ríos, etc.)	38
6.3.3. Desenvolver actividades de divulgación do patrimonio cultural e natural da laracha a través dun programa denominado “descubriendo a laracha”	39
6.3.4. Consolidación dun Programa de arte público participativo.....	40
6.3.5. campañas de concienciación do coidado do medio ambiente para todas as idades	41
6.3.6. Sensibilización de NNA nas “tres Rs”	42
6.4. Formar e informar sobre os nosos dereitos.....	43
6.4.1. Desenvolvemento dun programa de educación en valores.....	43
6.4.2. Creación de redes de información entre a infancia e a adolescencia (Antenistas) .	44
6.4.3. Elaboración de guías metodolóxicas e divulgativas para os centros educativos sobre participación e dereitos dos NNA.....	45
6.4.4. Divulgación dos dereitos da infancia e da adolescencia a través de Publicacións nas redes sociais municipais.....	46
6.4.5. Comunicación para a cidadanía sobre as actuacións relacionadas co EPIA e o PLIA	47
6.5. Atopar na administración o noso espazo.....	48
6.5.1. Participación no proxecto “Protección a la Infancia desde lo local” de UNICEF España	48
6.5.2. Dotar os espazos municipais de elementos de xogo e de coidado para nenos e nenas	49
6.5.3. Estudo sobre benestar emocional e saúde mental da infancia e da adolescencia...	50
6.5.4. Índice de focalización dos orzamentos municipais	51
7. Validación.....	53
7.1 Encontro de validación co Espazo de Participación dos NNA	54
7.2 Encontro de Validación co Espazo Interno de Coordinación Interdepartamental	57
8. Seguimento e avaliación	59
9. Anexos.....	60
Anexo I. Calendarización	60



Introducción

1. INTRODUCCIÓN

O Concello da Laracha desenvolve no presente documento o seu I Plan de Infancia e de Adolescencia co que pretende articular o seu compromiso cos dereitos e co benestar dos nenos, nenas e adolescentes do seu municipio. Así, este compromiso precisa de actuacións concretas que melloren, dentro do posible, o benestar e a escoita dos nenos, nenas e adolescentes, cuestións que serán desenvoltas no presente documento.

Tamén, a intencionalidade do presente plan é dobre xa que, ademais do mencionado, pretende ser un paso chave no recoñecemento da Laracha como “Cidade Amiga da Infancia”, selo de recoñecemento de UNICEF para aquelas vilas que desenvolven actuacións e medidas para a promoción dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes, recollidos na Convención dos Dereitos do Neno. En concreto, este recoñecemento parte da percepción da localidade como contexto chave e fundamental para que a estas idades se lles brinde a atención que precisan, atendendo ao seu contexto máis inmediato, directo e co que manteñen unha relación de confianza e de maior interacción.

Ademais, previa a elaboración do presente I Plan, cóntase cunha diagnose, sintetizada neste documento, na que se recollen as principais eivas que se deben de afrontar e as fortalezas que se deben de manter e reforzar coa intención de garantir, do mellor xeito posible, os dereitos de todos e todas os nenos, nenas e adolescentes no municipio da Laracha. Esta diagnose foi desenvolva a través dunha metodoloxía participativa, na que se lles deu voz aos nenos, nenas e adolescentes xunto aos axentes clave da infancia e da adolescencia do Concello (persoal municipal, colexios e o instituto, asociación, clubs deportivos, ANPAs, etc.).

Contando coa base desa diagnose, recóllense os eixos de actuación, xunto os seus obxectivos principais e secundarios, nos que se dispón das diferentes accións e medidas a levar a cabo para que a infancia e a adolescencia da Laracha manteña o seu benestar e atope o seu espazo nas institucións democráticas locais.

Por último, é preciso destacar que o presente documento non pretende constituírse como unha planificación estrita, se non que debe de articularse como un documento de referencia que se redefina mediante novas liñas de actuación dun xeito dinámico, dando resposta aos diferentes fenómenos que poidan ir xurdindo. Do mesmo xeito, dadas as características transversais e multidisciplinares que abranguen a infancia e a adolescencia, para o desenvolvemento do presente plan e a súa articulación dinámica é preciso contar coa participación activa das diferentes áreas do Concello da Laracha, cuestión que de seguro se porá en marcha.

2. CONSIDERACIÓNS METODOLÓXICAS

Para o deseño do presente documento así como para a futura implementación do mesmo, foi preciso, e será, contar cunha metodoloxía na que se garanta a transversalidade temática, a multiplicidade dos axentes implicados no día a día da infancia e adolescencia e, tamén, a participación dos nenos, nenas e adolescentes. Este plan é, por tanto, resultado dunha metodoloxía integradora, participativa e dinámica.

Así, tamén será preciso que a articulación do plan “unha vez posto en marcha” se faga dunha maneira que teña como máxima a implementación desta metodoloxía. Cómpre, por iso, afrontar os escenarios de futuro e os posibles fenómenos fagan necesario repensar as actuacións do plan, a través dun proceso participativo flexible. Será esta metodoloxía, en todo momento, acompañada mediante un proceso de información para todas as idades, así como a través dunha coordinación entre as diferentes áreas do Concello da Laracha, o seu persoal, os axentes chave do municipio (colexios, instituto, asociacións, etc.) e, por suposto, os nenos, nenas e adolescentes das diferentes realidades polas que atravesamos o municipio.

Do mesmo xeito, o proceso de seguimento do cumprimento das diferentes actuacións recollidas neste I Plan Local de Infancia e de Adolescencia será articulado a través da colaboración política e técnica da Administración local, así como pola participación activa dos principais implicados no proceso: os nenos, as nenas e os adolescentes. Así, o Órgano de Participación de Infancia e Adolescencia artículase como un espazo chave na posta en marcha do I Plan Local de Infancia e de Adolescencia do Concello da Laracha.

3. REFERENTES

Para a elaboración deste I Plan de Infancia e de Adolescencia do Concello da Laracha, ademais da diagnose que o precede, cóntase cunha serie de documentos e autores que serven de referencia para a construción dunha planificación o máis concreta e elaborada posible.

Así, tómanse como referentes estratéxicos os seguintes documentos:

- **Convención dos Dereitos do Neno:** Firmado en 1989, trátase dun documento esencial á hora de poñer en marcha o recoñecemento dos nenos, nenas e adolescentes como suxeitos de dereito, con unha realidade propia que debe ser atendida. Establécese, polo tanto, como un documento de referencia que cómpre adaptalo ás realidades concretas de cada país, comunidade e localidade para conseguir os seus obxectivos finais do mellor xeito posible.
- **Lexislación e estratexias europeas, estatais e autonómicas:** Tomándoas de referencia, poderase construír un plan que se enfoque dentro da lexislación vixente e que sexa facilitador das diferentes actuacións que se veñen a levar a cabo nos diferentes niveis políticos.
- **Programa Cidades Amigas da Infancia de UNICEF España:** a través da facilitación dos diferentes documentos-guía para a elaboración da diagnose e do plan de infancia e adolescencia, os seus coloquios formativos no referido a esas cuestións e a través de outras labores de formación e colaboración ao longo do proceso de elaboración.
- **A cidade dos Nenos, Francesco Tonucci:** O libro do pedagogo italiano, Francesco Tonucci, recompila unha serie de proposicións de transformación da cidade, converténdoa nun novo espazo vivible e xogable para os nenos e nenas. Do mesmo xeito, inclúense propostas concretas realizadas na localidade de Fano, que poden servir como referencia para a posta en marcha de acción dun municipio comprometido cos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes.



Diagnose da situación da Infancia e da Adolescencia da Laracha

4. SITUACIÓN DA INFANCIA E DA ADOLESCENCIA

No marco de elaboración do presente Plan Local de Infancia e Adolescencia cómpre contar cos datos obtidos a través da diagnose da situación da infancia e da adolescencia do concello da Laracha. A mesma tratouse dun proceso de investigación que se desenvolveu unha metodoloxía que abordase a complexidade da realidade social destas idades a través dunha metodoloxía participativa, tanto a través dos nenos, nenas e adolescentes como dos axentes chave implicados no seu día a día. Así, as técnicas empregadas foron as seguintes:

Táboa 1. Resumo das técnicas de investigación empregadas

Metodoloxía	Técnicas de investigación	Axentes implicados
Cuantitativa	Análise de fontes secundarias	Instituto Galego de Estatística
Mixta	Entrevista a axentes chave	Axentes chave dos Departamentos municipais, persoal de CEIP e IES, nais/pais dos ANPAs e asociacións
	Encontros participativos (Cuestionario interactivo)	NNA de 5º e 6º de Primaria e 1º e 2º de ESO ANPAs e asociacións do tecido asociativo

Fonte: Elaboración propia.

A través das técnicas mencionadas, obtívose unha radiografía desa situación de partida do municipio a través de eixos como:


- Indicadores sociodemográficos e económicos contextuais
- Recursos dispoñibles
- Análise da situación do municipio realizado polos nenos, nenas e adolescentes

4.1. INDICADORES SOCIODEMGRÁFICOS E ECONÓMICOS CONTEXTUAIS

O concello da Laracha conta cun total de 11.521 habitantes repartidos entre as 13 parroquias do municipio. Nas mesmas, cómpre destacar, polo seu peso poboacional, as parroquias de Torás (4.049) e Lestón (1.347), aquelas máis consolidadas como núcleos urbanos, seguidos de Cabovilaño (1.124) e Caión (834). Para o presente Plan, faise preciso ,tamén, coñecer a realidade global do municipio, atendendo a cuestións tales como o dinamismo da súa poboación e do seu tecido económico.

Nese sentido, podemos observar como nos últimos anos, o municipio da Laracha presenta unha poboación nunha situación de crecemento da mesma, chegando a situarse cun volume de persoas similar ao que mantiña nos anos 80 do século pasado. Así, o número de veciños e veciñas establécese nun case continuo aumento dende os anos 2000, tal e como podemos observar a continuación:

Gráfico 1. Evolución da poboación no municipio da Laracha (1991-2021)



Fonte: IGE.

Para manter o razoamento deste proceso de dinamismo poboacional, podemos observar como, en varios indicadores sociodemográficos, o concello da Laracha presenta mellores datos que se os comparamos coa media da Comarca, da Provincia da Coruña e o conxunto da comunidade autónoma de Galicia, destacando mellores cifras na Taxa Xeral de Fecundidade e o Índice Sintético de Fecundidade. Mais, tamén presenta un índice de envellecemento maior que a nivel provincial e a nivel galego. A continuación, recóllense os datos anteriormente mencionados:


Táboa 2. Indicadores sociodemográficos da Laracha, a comarca de Bergantiños, a provincia da Coruña e a comunidade autónoma de Galicia

	A Laracha	Bergantiños	A Coruña	Galicia
Índice Sintético de Fecundidade	1,25	1,05	1,03	1,02
Taxa Xeral de Fecundidade	35,92	29,22	28,16	27,91
Índice de Envellecemento (2021)	171,37	168,51	138,86	144,19

Fonte: IGE.

Así, o aumento da poboación cómpre enténdelo a través dunha poboación máis envellecida, froito do aumento da calidade de vida, xunto con indicadores demográficos da natalidade con mellores datos que os demais niveis de comparación. Pese a isto, cabe sinalar que a situación do Saldo vexetativo é a do decrecemento poboacional:


Gráfico 2. Evolución do Saldo Vexetativo no municipio da Laracha (2010-2020)



Fonte: IGE.

Por tanto, cobra especial importancia a pegada da inmigración no dinamismo existente no municipio larachés. Así, dende o ano 2010, coa excepción do ano 2015, conta con un Saldo Migratorio positivo, tendo especial volume a inmigración interna, representando un 76% da inmigración para o ano 2021:

Gráfico 3. Saldo Migratorio no municipio da Laracha



Fonte: IGE.

Por outra banda, no referido á situación dos nenos, nenas e adolescentes, a poboación menor de 20 anos establécese con un peso dun 15% da poboación, datos similares aos existentes a nivel comarcal e galego. Contando cun total de 1.794 persoas no grupo de idade anteriormente mencionado.

No referido á cuestión económica, cómpre sinalar como as actividades principais da zona son aquelas vinculadas cos servizos (469 empresas e 2.859 postos de traballo), seguido do sector industrial (49 empresas e 969 postos de traballo), a construción (184 empresas e 621 postos de traballo) e, por último, a agricultura e a pesca (166 empresas e 197 postos de traballo). Este total de empresas conteñen un total de 4.700 traballadores e traballadoras, quen producen un total de 147 millóns de euros de Produto Interior Bruto (14.009 €/persoa).

4.2. RECURSOS DISPOÑIBLES

No presente apartado, recóllese os diferentes recursos dispoñibles a nivel municipal no relacionado cos nenos, nenas e adolescentes existentes na Laracha.

4.2.1. CENTROS EDUCATIVOS

No concello da Laracha dispónse dun total de 4 centros educativos: 3 de educación primaria e 1 centro de educación secundaria.

Táboa 3. Distribución dos centros educativos por tipoloxía e parroquia

Tipoloxía	Nome	Parroquia
Centro de Educación Infantil e Primaria	Alfredo Brañas	Lestón
	CEIP Caión	Caión
	Otero Pedraio	Torás
Instituto de Educación Secundaria	Agra de Leborís	Torás

Fonte: Plans Educativos dos Centros.

Tamén, dispónse de dúas escolas infantís, unha privada e unha pública, nas que hai dispoñible un total de 150 prazas, ás cales dende o ano que se conta con rexistro (2018) non se chegaron a cubrir.

4.2.2. DESENVOLVEMENTO ACADÉMICO E CONCILIACIÓN FAMILIAR

A través das diferentes canles a nivel municipal, cómpre destacar unha serie de programas, actividades e dotacións económicas que buscan reducir a fenda da desigualdade a través de medios educativos que faciliten o desenvolvemento de cada un dos nenos, nenas e adolescentes que o precisen.

- **Axudas para material escolar dispoñibles en cada un dos diferentes centros educativos:** Cunha dotación total de 75.000€ para os 354 beneficiarios/as do conxunto do curso académico. Cobrou especial énfase trala COVID-19, momento no que se amplía a cobertura, incluíndo material informático na mesma.
- **“Un paso adiante”:** Integrado en “Educa en Positivo” e no que se pretende que os nenos, nenas e adolescentes que o requiran adquiran as competencias básicas do seu curso académico e desenvolvan as súas capacidades. No mesmo, dispónse de persoal técnico especializado e formado para a atención ao alumnado de educación primaria e secundaria.
- **Programa Edixgal:** Pensado para os últimos cursos de educación primaria, na totalidade dos centros cóntase con material informático para a formación, concienciación e sensibilización dos nenos, nenas e adolescentes no emprego de NTICs. Co programa, preténdese, tamén, que todos os nenos e nenas teñan acceso á mesma.
- **“Programa Harmoniza”:** Permite o apoio á conciliación da vida persoal, familiar e laboral a través dun servizo que inclúe acollida, vixilancia, coidado, actividades e almorzo para os nenos e nenas durante o curso escolar e, tamén, durante as vacacións dos centros de ensino. Conta con 175 prazas para o curso escolar e 120 prazas no período de vacacións escolares.

- **Servizo de canguraxe:** A nivel municipal, cóntase con este servizo para as familias que precisen dun coidado dos seus cativos, nun máximo de 40 horas anuais por unidade familiar, nos horarios de 7:00 a 22:00, agás os fins de semana e festivos.

4.2.3. SERVICIOS DE ATENCIÓN E INTEGRACIÓN SOCIAL PARA NNA E FAMILIAS

A continuación, recóllense os diferentes recursos municipais existentes para a protección e atención en diversos termos, dos nenos, nenas e adolescentes de forma directa ou a través da protección ás súas familias:

- **Servizo de atención temperá:** Pensado para nenos e nenas de entre 0 e 6 anos, conta con diversos especialistas para a detección e asesoría a través de profesionais da logopedia, a psicoloxía, a fisioterapia e a terapia ocupacional.
- **Xornadas para familias:** No marco do programa de atención temperá, puxéronse en marcha xornadas nas que se formou ás familias sobre como xestionar diversas cuestións como o manexo de rabietas, os primeiros auxilios pediátricos, a alimentación infantil e a aprender a realizar unha fisioterapia respiratoria.
- **“Aprendemos xuntos”:** Integrado dentro do programa “Educa en Positivo”, pretende dotar ás familias de competencias emocionais, educativas e parentais que faciliten o desenvolvemento dunha parentalidade o máis positiva posible.
- **Axudas de integración social para as familias:** As familias da Laracha poden acollerse a unha serie de recursos municipais. Así, dispónse das axudas da Xunta de Galicia (Axudas de Integración Social e Renda de Integración Social de Galicia), así como as do nivel municipal para aquelas necesidades que queden fóra das axudas autonómicas (alimentos, mantemento de vivendas, gasto de desprazamentos, realización de actividades sociolaborais, aloxamento, etc.).

4.2.4. RECURSOS DE FORMACIÓN, SENSIBILIZACIÓN, ETC.

No municipio cóntase con iniciativas, programas e recursos que pretenden conseguir a concienciación dos nenos, nenas e adolescentes e das súas familias en diversos ámbitos, como a igualdade entre homes e mulleres, a xestión emocional e o coidado do medio ambiente, entre outras. Nese sentido, cómpre sinalar a existencia de accións levadas a cabo polas diferentes institucións do municipio, contando con actividades propias municipais, os CEIPs e IES, as ANPAs de cada un dos centros educativos e as asociacións.

4.3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO MUNICIPIO REALIZADO POR NNA


Primeiramente, cómpre mencionar que os resultados do presente apartado parte da participación do alumando de 5º e 6º de educación primaria, dos diversos CEIPs do municipio, xuntos aos de 1º da ESO. Así, a través da súa experiencia directa, preténdese tratar varios temas que nos permitan atallar a realidade da infancia e da adolescencia no municipio da Laracha.

4.3.1. COMO NOS MOVEMOS

No referido á mobilidade, os nenos, nenas e adolescentes abordárona a través de 2 cuestións fundamentais: a tipoloxía dos desprazamentos e a seguridade.


O 41% sinalaron que un dos seus medios de transporte máis habituais é o coche, aínda que no caso dos adolescentes báixase a un 25%. Do mesmo xeito, os desprazamentos activos tamén teñen unha maior presenza nas idades de 1º de ESO que na das idades que cómprenden os curso de 5º e 6º da EPO. Para poñer os datos en perspectiva, cómpre sinalar os outros dous elementos chave.

Gráfico 4. Desprazamentos maioritarios dos nenos e nenas dos encontros participativos do Concello da Laracha



Fonte: Encontros Participativos celebrados nos CEIPs


Gráfico 5. Desprazamentos maioritarios dos alumnado de 1º de ESO nos encontros participativos



Fonte: Encontros Participativos celebrados no IES.


No referido á seguridade, para os nenos, nenas e adolescentes, o concello da Laracha non se trata de un municipio inseguro, senon que atopamos unha tendencia a percibir o municipio como seguro. Malia iso, os nenos, nenas, adolescentes e as persoas adultas sinalaron a existencia dun punto central de inseguridade, tratándose da rúa xeral que atravesa o núcleo urbano de Torás.

Gráfico 6. Percepción de seguridade para os nenos e nenas de entre 10 e 11 dos encontros participativos



Fonte: Encontros Participativos celebrados nos CEIPs

Gráfico 7. Percepción de seguridade no municipio da Laracha para o alumando de 1º de ESO nos encontros participativos




Fonte: Encontros Participativos celebrados no IES.

4.3.2. ONDE E COMO XOGAMOS

En primeiro lugar, para contextualizar este tempo de xogo cómpre atender o tempo libre dispoñible. Así, os nenos, nenas e adolescentes sinalan, maioritariamente, contar con pouco tempo libre dispoñible ao longo do día. En concreto, as idades de 5º e 6º de Educación Primaria acusan esta situación polo gran número de actividades extraescolares ás que deben atender,


mentres que nas idades de 1º de ESO sinálase á gran carga lectiva existente derivada dos exames e dos deberes do instituto.

Gráfico 8. Percepción do tempo libre dispoñible para o alumnado de 1º da ESO.



Fonte: Encontros Participativos celebrados no IES.


Gráfico 9. Percepción do tempo libre dispoñible para os nenos e nenas.



Fonte: Encontros Participativos celebrados nos CEIPs


Seguidamente, neste tempo libre, os espazos que se teñen como preferentes para xogar son as rúas e os espazos de tempo libre, con forte diferenza respecto ao emprego doutros espazos acoutados (campos de fútbol, pistas de baloncesto, etc.) ou na propia casa, independentemente da idade.

Gráfico 10. Espazo onde os nenos e nenas mellor o pasan



Fonte: Encontros Participativos celebrados nos CEIPs.

Gráfico 11. Espazo onde o alumnado de 1º de ESO o pasa mellor



Fonte: Encontros Participativos celebrados nos CEIPs

No referido ás actividades que contan con maior peso están vinculadas ao movemento e que á interacción con nenos, nenas, adolescentes e outras persoas. Sendo a diferenza por idades que a poboación adolescente tende a preferir esas actividades de interacción con amizades que aquela nas que implican necesariamente deporte e/ou movemento.

4.3.3. AUTONOMÍA

No presente apartado abórdase aquela cuestión na que se mostra a maior diferenza entre as idades que se pretenden atallar no presente plan. Así, os adolescentes de 1º da ESO sinalan contar cunha maior autonomía que lles permite un desprazamento e unha xestión do seu tempo libre considerablemente maior que para o caso dos nenos e nenas. Así, para estes últimos, a autonomía está limitada tras as seguintes cuestións:

- Non contar con formas de atopalos localizables: sexa mediante contar con veciñanza ou persoas adultas que poidan notificar calquera problemática ou mediante dispositivos electrónicos (como o teléfono móbil ou os reloxo intelixentes).
- Que no espazo/lugar no que están non haxa presenza de tráfico e se poida camiñar con tranquilidade.
- Que a compañía sexa de confianza, da idade que sexa.
- En horarios nos que sexa día e haxa certo fluxo e presenza de máis nenos e nenas.

Así, en especial, os adultos destacan o feito de puntos perigosos en canto ó tráfico como motivo para que os pais e nais actúen dun xeito máis paternalista para a protección dos nenos e nenas, destacándose, de novo, a rúa xeral que atravesa o núcleo urbano de Torás. Do mesmo xeito, destacan como positivo, a existencia de áreas fluviais e rurais como espazos seguros nos que se podería facilitar un desfrute máis autónomo dos espazos.

4.4. PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Nesta ocasión, cómpre sinalar que na Laracha non se conta con organismo de participación nin con lexislación que garanta o desenvolvemento e/ou establecemento dos mesmos. Malia iso, debemos sinalar como, previa implementación do presente documento, xa se conta con unha posta en marcha do Espazo de Participación Local de Infancia e de Adolescencia e, do mesmo xeito, tamén se conta con espazos de coordinación e gobernanza. No referido a estes últimos, cóntase cun Consello Escolar Municipal, aínda que, actualmente, conta con reducida actividade, e os Consellos Escolares de Centro nos que, a excepción do IES Agra de Leborís, non se conta coa presenza de alumnado.

Do mesmo xeito, trala posta en marcha do proceso de diagnose que serve como base fundamental para a redacción do I Plan de Infancia e de Adolescencia do Concello da Laracha, foi constituído o Espazo Interno de Coordinación Interdepartamental. Cuestión que facilitará a posta en marcha dunha visión e xestión transversal en todo o referido á infancia e a adolescencia.

Por outra banda, no vinculado coa cultura de participación, dende os diversos CEIPs do municipio, cóntase cunha serie de procesos de participación dentro das aulas. Nese sentido, desenvólvese un fomento da participación activa na toma de certas decisións dentro das aulas, así como unha formación en materia de procesos democráticos para o alumnado dos últimos ciclos de Educación Primaria.

4.5. DAFO-RESUMO

A continuación, recóllense as principais Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades recollidas na diagnose da situación da Infancia e da Adolescencia do concello da Laracha:

Debilidades
<ul style="list-style-type: none">▪ Falta de espazos e iniciativas de participación cidadá, tanto para persoas adultas como para os nenos, nenas e adolescentes. Do mesmo xeito, non se conta con normativa de participación cidadá.▪ Inexistencia de mecanismos de planificación en materia de mobilidade e accesibilidade▪ Excesiva especialización por idade do espazo público, non contando con infraestrutura para facilitar a convivencia entre diferentes idades (infancia, adolescencia e persoas adultas).▪ Desprazamentos dos NNA pouco autónomos e con forte dependencia do vehículo persoal.▪ Eiva de formación en materia de dereitos da infancia e da adolescencia do persoal municipal, máis aló do persoal especializado nesta área.
Ameazas
<ul style="list-style-type: none">▪ Gran ocupación do tempo libre dos nenos e nenas en actividades extraescolares e os/as adolescentes en cuestións lectivas.▪ Forte presenza das tecnoloxías como forma de entretemento, o que pode derivar nun uso non responsable.▪ Menor implicación e desconfianza por parte das idades da ESO, así como unha complexidade de combinar as diferentes idades en accións de participación.▪ Importante fluxo de tráfico do municipio, xerando unha sensación de inseguridade para as persoas de todas as idades.
Fortalezas
<ul style="list-style-type: none">▪ Existencia de actividades e programas de concienciación e formación en diversas áreas (igualdade, conciliación, xestión emocional, medio ambiente, etc.).▪ Persoal municipal con disposición para levar a cabo procesos e iniciativas de participación cidadá na que se teñan en conta as percepcións dos nenos, nenas e adolescentes.▪ Espazo de Participación de Infancia e Adolescencia en funcionamento, con 31 conselleiros/as.▪ Cóntase recursos propios para a protección de persoas con diversidade funcional, a conciliación, a atención temperá, etc.▪ Ampla experiencia en materia de coordinación entre axentes chave municipais implicados no día a día dos NNA (coles, servizos sociais, centros sanitarios, seguridade cidadá, etc.) e a Administración local.▪ Facilidades para o desenvolvemento activo, cunha boa demarcación de rutas e sendeiros a pé e en bici e cunha ampla oferta de actividades de ocio deportivo.
Oportunidades
<ul style="list-style-type: none">▪ Compromiso por parte do tecido asociativo, dos NNA, dos centros educativos e da propia Administración local no desenvolvemento de iniciativas que faciliten a participación dos NNA na vida pública do municipio.

- Dinamismo económico e poboacional, con expectativas de continuar a futuro.
- Percepción dos NNA e do tecido asociativo de que as iniciativas de participación propostas pola Administración local poden supoñer un efecto positivo para eles, para elas e para todo o municipio.
- Cómtese unha rede autonómica de Cidades Amigas da Infancia, da que poder formar parte e formar parte activa da mesma.
- Diversidade de espazo público (áreas urbanas, rurais e de litoral), contando algunhas cun proceso de humanización que poder ser ampliado.



Liñas estratéxicas

5. LIÑAS ESTRATÉXICAS

No presente apartado, recóllense as liñas estratéxicas que se terán presentes para o desenvolvemento das propostas deseñadas no marco do I Plan de Infancia e de Adolescencia do Concello da Laracha. Así, cada unha das liñas consisten en:

1. Impulsar a participación dos NNA .
2. Construír un municipio comprometido coa mobilidade activa e segura
3. Coidar o noso medio ambiente, os nosos saberes e a nosa historia
4. Formar e informar sobre os nosos dereitos
5. Atopar na Administración o noso espazo

A continuación, recóllense as liñas estratéxicas anteriormente mencionadas, xunto cos obxectivos estratéxicos aos que responden, estando estes recollidos por UNICEF España na súa campaña de recoñecemento de Cidades Amigas da Infancia 2023:

Táboa 5. Liñas estratéxicas do PLIA e Obxectivos Estratéxicos de UNICEF

Liñas estratéxicas	Obxectivos Estratéxicos
Impulsar a participación dos NNA .	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Dereito a ser escoitado
Construír un municipio comprometido coa mobilidade activa e segura	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Dereito a vivir en contornas seguras e limpas ▪ Dereito a ser neno/a
Coidar o noso medio ambiente, os nosos saberes e a nosa historia	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Dereito a vivir en contornas seguras e limpas ▪ Dereito a ser neno/a
Formar e informar sobre os nosos dereitos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Dereito a ser valorado/a, respectado/a e tratado xustamente ▪ Dereito a ser neno/a
Atopar na Administración o noso espazo	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Dereito a servizos esenciais ▪ Dereito a ser neno/a ▪ Dereito a ser escoitado/a



I Plan Local de Infancia e de Adolescencia da Laracha

6. PLAN LOCAL DE INFANCIA E DE ADOLESCENCIA

O Plan Municipal de Infancia e Adolescencia da Laracha (en adiante PLIA), é unha iniciativa destinada a promover o benestar e o desenvolvemento integral dos nenos, nenas e adolescentes do noso municipio. Este plan é un claro compromiso como Concello en garantir os dereitos fundamentais da infancia e a adolescencia, brindando unha contorna segura, inclusiva e favorable para o seu desenvolvemento como cidadáns.

O PLIA recoñece que os nenos, nenas e adolescentes son suxeitos de dereitos e protagonistas activos na construción da sociedade de Laracha, e pretende ser un pulo para promover as condicións necesarias para que exerzan plenamente os seus dereitos, tales como: á saúde, á protección, ao xogo, ao emprego do espazo público ou á participación cidadá.

Este plan foi deseñado dende un enfoque integral, abordando as diversas dimensións que inflúen no desenvolvemento da infancia e a adolescencia, para poder identificar as áreas prioritarias de acción nos próximos anos. A redacción deste documento apoiouse nunha ampla consulta aos departamentos municipais e as entidades da sociedade civil, pero fundamentalmente, dirixida aos propios nenos, nenas e adolescentes. Precisamente a participación activa dos nenos, nenas e adolescentes é un pilar fundamental deste plan. Quérese escoitar as súas voces, as súas ideas e as súas propostas para construír unha comunidade local na que se sintan valorados e respectados, polo que se constitúen espazos de participación e diálogo, fomentando a súa implicación na toma de decisións que lles afectan directamente.

A coordinación coas familias, os centros educativos, as asociacións e organizacións comunitarias máis relevantes será fundamental para implementar con éxito este plan, así mesmo tamén será preciso incentivar a gobernanza con outras Administracións e Institucións públicas con competencias no municipio.

O PLIA é un paso firme cara ao desenvolvemento dunha sociedade local que valore e priorice o benestar dos máis novos, desde o convencemento de que ao investir na infancia e a adolescencia, estase a construír un futuro máis próspero, inclusivo e sostible para todos e todas.

Nas páxinas seguintes, detállanse as diferentes actuacións que compoñen o PLIA, aquelas que facilitarán o desenvolvemento dunha infancia e dunha adolescencia máis autónoma, máis participativa e con maiores oportunidades para ter éxito nas súas vidas.

Nese senso, cómpre ter presente en todo momento que este plan é un documento guía que, precisamente, para que se cumpran os seus obxectivos, é preciso contar con transformacións nos ámbitos sociais, económicos, educativos, tecnolóxicos, sendo preciso empregalo como unha folla de ruta que terá un proceso de seguimento e avaliación continua, e polo tanto, aberto a posibles adaptacións en calquera momento da súa vixencia. No mesmo senso, os orzamentos e períodos de posta en marcha non deben ser ríxidos na súa aplicación, se non que deberá ser consensuados e revisados a través dos diferentes órganos de avaliación e coordinación do Plan.

6.1. IMPULSAR A PARTICIPACIÓN DOS NNA

6.1.1. APROBACIÓN DUN REGULAMENTO MUNICIPAL DE PARTICIPACIÓN

Contar cunha normativa municipal que permita formalizar e articular os órganos, mecanismos e programas de participación social a poñer en marcha, consensuada en Pleno municipal e aprobada no mesmo.

Indicadores:

- Aprobación en pleno municipal do regulamento de participación

Área municipal encargada:

- Acción transversal

Orzamento:

- Sen custo económico

Calendarización (anualidade):

- 2024

Carácter:

- Puntual



6.1.2. DINAMIZACIÓN DO ESPAZO DE PARTICIPACIÓN DE INFANCIA E ADOLESCENCIA

Trala posta en marcha do espazo de participación de Infancia e Adolescencia, é preciso establecelo como elemento chave na toma de decisións municipal e manter a súa actividade como impulsor de actividades de aprendizaxe, concienciación e participación.

Indicadores:

- Nº de encontros celebrados
- Nº de conselleiros/as

Área municipal encargada:

- Área de Servizos Sociais

Orzamento:

- Sen custo económico

Calendarización (anualidade):

- Acción xa iniciada (2023), debe manterse durante a vixencia do PLIA

Carácter:

- Permanente



6.1.3. PARTICIPACIÓN NO CONSELLO AUTONÓMICO DE PARTICIPACIÓN DA INFANCIA E ADOLESCENCIA

Recentemente a Xunta de Galicia, constituíu un Consello Autonómico de Participación de Infancia e Adolescencia, no que os municipios galegos que dispoñen dun Espazo de Participación infantil e adolescente, participan cos seus NNA. Nese senso, trala activación do Espazo na Laracha, cómpre ser parte desta rede de intercambio de experiencias e de fomento da participación e a autonomía a nivel local e autonómico.

Indicadores:

- Formalización da participación do EPIA da Laracha dentro do Consello Autonómico de Infancia e de Adolescencia
- Nº de encontros celebrados
- Nº de conselleiros/as de Laracha participantes no Consello Autonómico

Área municipal encargada:

- Área de Servizos Sociais

Orzamento:

- **Sen custo económico**

Calendarización (anualidade):

- 2023 (inicio), debe manterse activo ano a ano

Carácter:

- Permanente



6.1.4. SUMARSE COMO MUNICIPIO NA INICIATIVA “A VILA DO MAÑÁ”

A iniciativa “A Vila do Mañá” establécese como un proxecto educativo que pretende a través do xogo un deseño máis participativo do espazo público, facéndoo máis agradable para todas as idades. Nese senso, ao formar parte da rede será posible contar con unha diversidade de experiencias que permitan poñer en marcha un espazo público máis vivible.

Indicadores:

- Formalización da colaboración coa iniciativa “A Vila do Mañá”
- Nº de actividades participativas para a construción do espazo común para NNA
- Nº de NNA participantes nas actividades de “A Vila do Mañá”

Área municipal encargada:

- Área de Servizos Sociais
- Área de Urbanismo

Orzamento:

- 5.000 €¹

Calendarización (anualidade):

- 2025

Carácter:

- Puntual



¹ Estimación realizada a prezos de mercado do ano 2023, poderá existir variación segundo o ano de aplicación. Os orzamentos non son vinculantes, e deberán ser revisados na anualidade da súa execución.

6.1.5. COORDINACIÓN ENTRE O ESPAZO DE PARTICIPACIÓN DE INFANCIA E DE ADOLESCENCIA E O ESPAZO DE COORDINACIÓN INTERDEPARTAMENTAL

Coa intención de que o conxunto de áreas que conforman o Concello manteñan un seguimento e teñan en conta as aportacións do Espazo de Participación de Infancia e de Adolescencia, cómpre desenvolver unha serie de actividades que permitan a coordinación entre as dúas partes. Mais, dadas as características de cada un dos Espazos, non precisa que se trate de reunión presenciais, se non que, segundo o contexto, poderanse poñer en marcha outros formatos (reunións individualizadas que conten con un intercambio de información).

Indicadores:

- Nº de actividades de coordinación (reunións, actividades interactivas, intercambio de información, etc.)

Área municipal encargada:

- Área de Servizos Sociais

Orzamento:

- Sen custo económico

Calendarización (anualidade):

- 2023 (inicio), debe manterse ano a ano

Carácter:

- Permanente



6.1.6. DISEÑO DO ESPAZO DE RECREO DOS CENTROS EDUCATIVOS E DOS PARQUES DO MUNICIPIO DE XEITO PARTICIPATIVO

Coa intención de facer os patios escolares que os NNA teñen nos seus centros educativos máis amigables, poñerase en marcha o deseño participativo dos mesmos. Así, preténdese que se conformen como espazos máis agradables, accesibles e máis beneficiosos para todos e todas os NNA. Do mesmo xeito, os NNA sinalan que os parques non contan con equipamento que satisfaga as necesidades de todas as idades, sendo estes moi delimitados a idades infantís. Así, deben de ser parte tamén de esta acción participativa, coa intención de que se transformen en espazos pensados para todas as idades.

Indicadores:

- Nº de centros educativos que contan cun deseño participativo do seu espazo de recreo
- Nº de NNA do alumnado participantes no deseño do espazo de recreo dos centros educativos
- Nº de NNA participante no deseño dos parques
- Nº de parques que contan con un redeseño participativo

Área municipal encargada:

- Área de Urbanismo

Orzamento:

- 30.000 €²

Calendarización (anualidade):

- 2025, 2026

Carácter:

- Puntual



² Estimación realizada a prezos de mercado do ano 2023, poderá existir variación segundo o ano de aplicación. Os orzamentos non son vinculantes, e deberán ser revisados na anualidade da súa execución.

6.2. CONSTRUIR UN MUNICIPIO COMPROMETIDO COA MOBILIDADE ACTIVA E SEGURA

6.2.1. ELABORACIÓN DUN PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE (PMUS)

O desenvolvemento dun Plan de Mobilidade Urbana Sostible establécese como un documento de deseño dun municipio máis seguro, comprometido coa mobilidade activa e cun espazo público pensado para o seu disfrute, máis que para o tráfico rodado. Con iso, tamén se pretende facilitar a autonomía dos desprazamentos dos NNA dentro do municipio e permitindo repensar a rúa como un espazo máis de xogo e de vida que de tránsito de vehículos.

Indicadores:

- Elaboración do Plan de Mobilidade Sostible

Área municipal encargada:

- Área de Urbanismo
- Policía Local

Orzamento:

- 25.000 €³

Calendarización (anualidade):

- 2024

Carácter:

- Puntual



³ Estimación realizada a prezos de mercado do ano 2023, poderá existir variación segundo o ano de aplicación. Os orzamentos non son vinculantes, e deberán ser revisados na anualidade da súa execución.

6.2.2. DISEÑO DE CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS E DESENVOLVEMENTO DUN BICIBÚS NA CONTORNA DOS CEIPS DE CAIÓN, OTERO PEDRAYO E ALFREDO BRAÑAS

A intención da presente acción é dobre, pretendéndose, por unha banda, contar con unha contorna segura que facilite os desprazamentos autónomos dos nenos e nenas dos diferentes centros de ensino. Do mesmo xeito, con forte vinculación co anteriormente mencionado, preténdese fomentar o desprazamento activo daqueles nenos e nenas que manteñan unha distancia curta-media con respecto ao centro, a través dun Bicibús.

Indicadores:

- Nº de CEIPs que contan con camiños escolares seguros
- Nº de nenos e nenas que empregan o camiño escolar seguro
- Nº de CEIPs que contan con un bicibús
- Nº de nenos e nenas que empregan o bicibús
- Valoración dos nenos e nenas do cambio (se o pasan mellor, se chegan menos cansos, etc.)

Área municipal encargada:

- Área de Urbanismo
- Área de Transportes

Orzamento:

- 12.000 €⁴

Calendarización (anualidade):

- 2025

Carácter:

- Puntual



⁴ Es Estimación realizada a prezos de mercado do ano 2023, poderá existir variación segundo o ano de aplicación. Os orzamentos non son vinculantes, e deberán ser revisados na anualidade da súa execución.

6.2.3. DISEÑO DUN PROGRAMA DE EDUCACIÓN VIARIA

A presente actuación pretende diseñar e consolidar un programa anual de actividades de concienciación en materia viaria cos NNA. O programa estará vinculado co Espazo de Participación de Infancia e de Adolescencia e contará coa colaboración dos centros educativos do municipio.

O programa realizarase de xeito itinerante, non contando cun espazo físico fixo nunha única localización. Para a súa realización precisará a contratación dun servizo de educadores/as e a adquisición de materiais e elementos tales como: contidos audiovisuais, sinais viarias, semáforos, bicicletas, patinetes, etc.

Indicadores:

- Nº de elementos dispoñibles de educación viaria
- Nº de eventos realizados sobre educación viaria
- Nº de NNA asistentes aos eventos de educación viaria

Área municipal encargada:

- Área de Urbanismo
- Área de Cultura e Deporte
- Policía Local

Orzamento:

- 20.000 €⁵

Calendarización (anualidade):

- 2024 (inicio), debe ser renovado ano a ano

Carácter:

- Permanente



⁵ Estimación realizada a prezos de mercado do ano 2023, poderá existir variación segundo o ano de aplicación. Os orzamentos non son vinculantes, e deberán ser revisados na anualidade da súa execución.

6.2.4. DINAMIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE CONCIENCIACIÓN EN MATERIA DE MOBILIDADE DENTRO DO EPIA (CARNÉS PEONÍS, MULTAS ÉTICAS, XORNADAS DE SEGURIDADE VIARIA, ETC.)

Sendo a cuestión da mobilidade un dos puntos febles atopados na diagnose, cómpre facer que o Espazo de Participación se estableza como un órgano chave no fomento e na concienciación dunha mobilidade activa e segura.

Indicadores:

- Nº de actividades de concienciación en materia de mobilidade
- Nº de NNA participantes nas actividades

Área municipal encargada:

- Área de Cultura e Deporte
- Área de Urbanismo
- Policía Local

Orzamento:

- **10.000 €⁶**

Calendarización (anualidade):

- 2024 (inicio), debe realizarse ano a ano

Carácter:

- Permanente



⁶ Estimación realizada a prezos de mercado do ano 2023, poderá existir variación segundo o ano de aplicación. Os orzamentos non son vinculantes, e deberán ser revisados na anualidade da súa execución.

6.2.5. ADHESIÓN Á REDE “CIUDADES QUE CAMINAN”

A través da participación na iniciativa, preténdese contar con unha rede de intercambio de experiencias, xunto cos demais recursos dispoñibles, que nos permitan facer do espazo máis urbano do concello da Laracha un espazo no que poder camiñar e vivir.

Indicadores:

- Adhesión á iniciativa “Ciudades que caminan”

Área municipal encargada:

- Alcaldía
- Área de Cultura e Deporte
- Área de Urbanismo

Orzamento:

- 3.000€ (750 €/ano)⁷

Calendarización (anualidade):

- 2024 (inicio). Nas seguintes anualidades renovar a adhesión

Carácter:

- Puntual



⁷ Estimación realizada a prezos de mercado do ano 2023, poderá existir variación segundo o ano de aplicación. Os orzamentos non son vinculantes, e deberán ser revisados na anualidade da súa execución.

6.3. COIDAR O NOSO MEDIO AMBIENTE, OS NOSOS SABERES E A NOSA HISTORIA

6.3.1. DISEÑO DO PROGRAMA “DAQUELA LARACHA”

O municipio da Laracha conta cunha gran diversidade de espazos naturais, así como unha poboación de diversas xeracións. Así, a través da presente acción, preténdese fomentar o intercambio interxeneracional, o respecto e o coidado polo medio ambiente e, á súa vez, a aprendizaxe dos saberes tradicionais. Para tal cuestión, celebraranse actividades nos diferentes espazos urbanos e rurais do municipio, realizando os NNA unha labor de participantes xunto cos maiores laracheses, e de investigadores da historia e da etnografía local, recollendo en diferentes formatos (fotografía, vídeo, voz, documentos, etc.) estes saberes das persoas maiores do noso municipio. Con isto último, preténdese elaborar o proxecto “Daquela Laracha” no que se recollan en formato web, formato físico (libro, periódico, etc.) esa labor etnográfica.

Indicadores:

- Nº de actividades realizadas no marco do Programa de Aldeas Educativas
- Nº de NNA participantes nas actividades do programa

Área municipal encargada:

- Área de Cultura e Deporte
- Área de Servicios Sociais

Orzamento:

- 15.000 €⁸

Calendarización (anualidade):

- 2025

Carácter:

- Puntual



⁸ Estimación realizada a prezos de mercado do ano 2023, poderá existir variación segundo o ano de aplicación. Os orzamentos non son vinculantes, e deberán ser revisados na anualidade da súa execución.

6.3.2. AMPLIACIÓN E MANTEMENTO DE ACTIVIDADES DE COIDADO DO TERRITORIO (PATRULLA ECOLÓXICA, LIMPEZA DE RÍOS, ETC.)

A través das actividades xa existentes no municipio, tanto nos CEIPs como a través da colaboración con outras entidades (como a rede Natura), preténdese manter e ampliar a un maior volume de voluntarios para garantir un efecto maior e, polo tanto, máis positivo na concienciación do coidado do medio ambiente.

Indicadores:

- Nº de CEIPs que contan con unha Patrulla Ecolóxica
- Nº de NNA participantes nas actividades de coidado do territorio

Área municipal encargada:

- Área de Medio ambiente

Orzamento:

- **Sen custo económico**

Calendarización (anualidade):

- 2024 (inicio), debe activarse ano a ano

Carácter:

- Permanente



6.3.3. DESENVOLVER ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL E NATURAL DA LARACHA A TRAVÉS DUN PROGRAMA DENOMINADO “DESCUBRINDO A LARACHA”

Preténdese promover o encontro entre as diversas idades e o coidado do medio ambiente a través da divulgación dos recursos naturais e culturais do municipio. O programa incluírá distintas actividades tales como: roteiros guiados por lugares de interese patrimonial e ambiental, faladoiros e xornadas divulgativas e concursos literarios e/ou fotográficos.

Indicadores:

- Nº de actividades realizadas (concursos, roteiros, faladoiros, etc.)
- Nº de NNA participantes

Área municipal encargada:

- Área de Medio ambiente
- Área de Cultura
- Área de Turismo

Orzamento:

- 10.000€⁹

Calendarización (anualidade):

- 2026, 2027

Carácter:

- Puntual



⁹ Estimación realizada a prezos de mercado do ano 2023, poderá existir variación segundo o ano de aplicación. O orzamento terá que ser revisado no periodo de posta en marcha e revisado en cada anualidade de actividade.

6.3.4. CONSOLIDACIÓN DUN PROGRAMA DE ARTE PÚBLICO PARTICIPATIVO

Trala posta en marcha das iniciativas de deseño participativo de murais nos CEIPs, preténdese ampliar esta iniciativa, tanto dentro dos centros educativos como fora dos mesmos. Así, preténdese construír un espazo público máis agradable, fomentar a participación e a creatividade artística entre os NNA e xerar un sentimento de pertenza ao municipio é o que se pretende conseguir a través desta actuación. Para a mesma, será preciso deseñar actividades dinámicas na que recoller propostas e ideas para o deseño artístico do espazo, ideas nas que se pretende recoller elementos, historias, personaxes, tradicións e calquera outra cuestións coa que se identifique a veciñanza larachesa.

Indicadores:

- Nº de espazos deseñados
- Nº de participantes nas consultas participativas
- Nº de NNA participantes nas consultas participativas
- Satisfacción da veciñanza cos murais

Área municipal encargada:

- Área de Cultura
- Área de Servicios Sociais

Orzamento:

- 60.000€ (15.000€/ano)¹⁰

Calendarización (anualidade):

- 2023 (xa iniciado), debe realizarse ano a ano

Carácter:

- Permanente



¹⁰ Estimación realizada a prezos de mercado do ano 2023, poderá existir variación segundo o ano de aplicación. Os orzamentos non son vinculantes, e deberán ser revisados na anualidade da súa execución.

6.3.5. CAMPAÑAS DE CONCIENCIACIÓN DO COIDADADO DO MEDIO AMBIENTE PARA TODAS AS IDADES

A través do deseño de sinalización en puntos chave do municipio (como parques, praias, áreas naturais, etc.) preténdese xerar unha concienciación da cidadanía no respecto polo medio ambiente e a non xeración de residuos neses espazos. Elementos que poderán ser deseñados a través da implicación participativa dos NNA do municipio e, en especial, do EPIA.

De forma paralela, cómpre desenvolver actividades de sensibilización na que poidan participar diversas idades e que sexan realizadas no espazo público para que chegue ao maior número de persoas posibles.

Indicadores:

- Nº de elementos de sinalización deseñados de concienciación ambiental
- Nº de actividades de sensibilización ambiental para todas as idades realizadas
- Nº de persoas atendidas/participantes nas actividades de sensibilización ambiental

Área municipal encargada:

- Área de Medio Ambiente

Orzamento:

- **9.000€ (3.000€/ano)¹¹**

Calendarización

- 2025, 2026, 2027

Carácter:

- Permanente



¹¹ Estimación realizada a prezos de mercado do ano 2023, poderá existir variación segundo o ano de aplicación. Os orzamentos non son vinculantes, e deberán ser revisados na anualidade da súa execución.

6.3.6. SENSIBILIZACIÓN DE NNA NAS “TRES RS”

Co antecedente do programa de xestión de residuos orgánicos existente no concello da Laracha, impulsarase unha campaña de sensibilización na xestión de residuos e na non xeración dos mesmos. Nesta ocasión, impulsarase a través das aulas dos diferentes centros educativos do municipio.

Indicadores:

- Nº de actividades de sensibilización na xestión e non xeración de recursos para NNA realizadas
- Nº de actuacións para facilitar a xestión e non xeración de residuos impulsadas nos centros educativos

Área municipal encargada:

- Área de Medio Ambiente

Orzamento:

- **9.000€ (3.000€/ano)¹²**

Calendarización

- 2025, 2026, 2027

Carácter:

- Permanente



¹² Estimación realizada a prezos de mercado do ano 2023, poderá existir variación segundo o ano de aplicación. Os orzamentos non son vinculantes, e deberán ser revisados na anualidade da súa execución.

6.4. FORMAR E INFORMAR SOBRE OS NÓS DEREITOS

6.4.1. DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE EDUCACIÓN EN VALORES

Impulsaranse xornadas e/ou campañas para abordar diferentes áreas nas que concienciar e educar aos NNA, como pode ser o idadismo, o machismo, racismo, capacitismo, etc.

Indicadores:

- Nº de xornadas de concienciación e educación en valores
- Nº de persoas participantes nas actividades

Área municipal encargada:

- Área de Servicios Sociais

Orzamento:

- 9.000€ (3.000€/ano)¹³

Calendarización (anualidade):

- 2025, 2026, 2027

Carácter:

- Permanente



¹³ Estimación realizada a prezos de mercado do ano 2023, poderá existir variación segundo o ano de aplicación. Os orzamentos non son vinculantes, e deberán ser revisados na anualidade da súa execución.

6.4.2. CREACIÓN DE REDES DE INFORMACIÓN ENTRE A INFANCIA E A ADOLESCENCIA (ANTENISTAS)

Trátase dunha iniciativa que pretende converter ao público recibinte da información no encargado principal da difusión, o que axiliza o proceso de comunicación (contando coas súas propias canles, linguaxe, etc.). Así, trátase dunha iniciativa na que se converte a unha serie de voluntarios dos diferentes cursos académicos en axentes chave para dar difusión dos diferentes recursos ou actividades relacionados coa infancia e a adolescencia.

Indicadores:

- Nº de NNA participantes como antenistas

Área municipal encargada:

- Área de Cultura e Deporte
- Área de Servicios Sociais
- Área de Xuventude

Orzamento:

- Sen custo económico

Calendarización (anualidade):

- 2025 (inicio), debe activarse ano a ano

Carácter:

- Permanente



6.4.3. ELABORACIÓN DE GUÍAS METODOLÓXICAS E DIVULGATIVAS PARA OS CENTROS EDUCATIVOS SOBRE PARTICIPACIÓN E DEREITOS DOS NNA

Cos Centros Educativos como espazos de referencia na vida dos NNA, que nos mesmos se conte con dinámicas de participación permite impulsar a mesma no seu día a día. Nese sentido, que o persoal directivo xunto co profesorado contén cunha guía sobre como poder aplicar a participación na súa aula, así como de como poder divulgar e formar aos NNA nos seus dereitos, é fundamental para fortalecer a participación.

Indicadores:

- Nº de guías metodolóxicas e divulgativas para os centros educativos sobre participación e dereitos dos NNA
- Nº de centros educativos participantes

Área municipal encargada:

- Área de Servizos Sociais

Orzamento:

- 4.000€/ano¹⁴

Calendarización (anualidade):

- 2025

Carácter:

- Puntual



¹⁴ Estimación realizada a prezos de mercado do ano 2023, poderá existir variación segundo o ano de aplicación. Os orzamentos non son vinculantes, e deberán ser revisados na anualidade da súa execución.

6.4.4. DIVULGACIÓN DOS DEREITOS DA INFANCIA E DA ADOLESCENCIA A TRAVÉS DE PUBLICACIÓN NAS REDES SOCIAIS MUNICIPAIS

Como forma de difusión dos dereitos dos NNA, propónse a creación de publicacións deseñado de xeito participativo cos Conselleiros/as do Espazo de Participación de Infancia e de Adolescencia. Nese senso, contando cunhas redes sociais activas municipais, propónse que sexan eles e elas os que creen o contido a divulgar para que a poboación adulta tome conciencia en materia de dereitos dos NNA.

Indicadores:

- Nº de publicacións creadas nas diferentes plataformas municipais
- Nº de interaccións totais nas diferentes publicacións

Área municipal encargada:

- Área de Prensa
- Área de Servizos Sociais

Orzamento:

- Sen custo económico

Calendarización (anualidade):

- 2023 (inicio), e realizarase todas as anualidades

Carácter:

- Permanente



6.4.5. COMUNICACIÓN PARA A CIDADANÍA SOBRE AS ACTUACIÓN RELACIONADAS CO EPIA E O PLIA

Para que o Plan Local de Infancia e de Adolescencia xunto cos seus principios reitores (participación infantil, autonomía, etc.) contén co maior impacto posible, será preciso desenvolver espazos e campañas de divulgación propias. Así, será preciso a difusión dos documentos fundamentais (diagnose e PLIA), da posta en marcha das diferentes accións e, ademais, de calquera outra cuestión a destacar que teña vinculación coa implicación, especialmente coa participación e cos dereitos, da infancia e da adolescencia, canto menos a nivel municipal.

Este proceso de divulgación cómpre que sexa adaptado ao ritmo e ao contexto das diferentes accións municipais, sen precisar unha demarcación concreta nin un plan estritamente delimitado. Nese sentido, recóllense a continuación recomendacións que pretenden empregarse de guía para o desenvolvemento da campaña de difusión.

- Creación dun espazo web no que se recollan os diferentes documentos/notas de prensa/imaxes/etc. vinculados co Plan Local de Infancia, o Espazo de Participación de Infancia e de Adolescencia e o Espazo de Coordinación Interdepartamental. Este espazo poderá ser independente ou parte da propia web do Concello da Laracha.
- Creación de vídeos en formato curto (1-3 minutos) nos que se recollan as diferentes actuacións relacionadas co PLIA (encontros de avaliación e seguimento, encontros do EPIA, accións postas en marcha, etc.).
- Publicación en redes sociais en diferentes formatos (vídeo, imaxe, texto, etc.) do desenvolvemento das diferentes accións recollidas no Plan Local de Infancia e de Adolescencia.

Indicadores:

- Nº de espazos webs dispoñibles para a consulta de materiais relacionados co EPIA e o PLIA
- Nº de publicacións en redes sociais relacionadas co EPIA e o PLIA
- Nº de interaccións totais nas diferentes publicacións

Área municipal encargada:

- Área de Prensa
- Área de Servizos Sociais

Orzamento:

- 3.000€/ano¹⁵

Calendarización (anualidade):

- 2023 (inicio), e realizarase todas as anualidades

Carácter:

- Permanente

¹⁵ Estimación realizada a prezos de mercado do ano 2023, poderá existir variación segundo o ano de aplicación. Os orzamentos non son vinculantes, e deberán ser revisados na anualidade da súa execución.

6.5. ATOPAR NA ADMINISTRACIÓN O NOSO ESPAZO

6.5.1. PARTICIPACIÓN NO PROXECTO “PROTECCIÓN A LA INFANCIA DESDE LO LOCAL” DE UNICEF ESPAÑA

O proxecto de UNICEF pretende converter ás Administracións locais en elementos chave para a detección de casos de violencia contra os nenos, nenas e adolescentes. Para iso, pon en marcha un proxecto piloto no que detectar as necesidades dos diferentes municipios nesta materia para, posteriormente, elaborar unha planificación que garanta unha protección efectiva dende a Administración local.

Actualmente, o proxecto conta con 10 municipios piloto, polo que para a súa posta en marcha sería preciso esperar aos resultados desta primeira ronda ou ben poñer en marcha unha iniciativa propia que se derive nun recoñecemento por parte de UNICEF desta acción.

Indicadores:

- Realización da diagnose do proxecto “Protección a la infancia desde lo local”
- Elaboración do modelo comunitario e participativo de prevención da violencia contra os NNA mediante a metodoloxía UNICEF

Área municipal encargada:

- Área de Servicios Sociais

Orzamento:

- 12.000€¹⁶

Calendarización (anualidade):

- 2025

Carácter:

- Puntual



¹⁶ Estimación realizada a prezos de mercado do ano 2023, poderá existir variación segundo o ano de aplicación. Os orzamentos non son vinculantes, e deberán ser revisados na anualidade da súa execución.

6.5.2. DOTAR OS ESPAZOS MUNICIPAIS DE ELEMENTOS DE XOGO E DE COIDADO PARA NENOS E NENAS

A acción pretende facilitar que nos diferentes espazos administrativos municipais se contengan con áreas de xogo e coidado de nenos e nenas. O obxectivo desta acción é dobre, permite que os nenos e nenas contengan con unha espera máis fácil á vez que os seus familiares poden ter unha agarda máis agradable.

Así, o deseño destes espazos de xogo e coidado terán que ser realizados a través dunha acción participativa, na que se teña en conta a visión e as necesidades dos nenos e nenas.

Indicadores:

- Nº de espazos administrativos municipais que contengan con áreas de xogo e coidado
- Nº de elementos e tipoloxía de materiais e de xogos

Área municipal encargada:

- Área de Servicios Sociais

Orzamento:

- 2.000€ (1.000 €/ano)¹⁷

Calendarización (anualidade):

- 2024, 2026

Carácter:

- Puntual



¹⁷ Estimación realizada a prezos de mercado do ano 2023, poderá existir variación segundo o ano de aplicación. Os orzamentos non son vinculantes, e deberán ser revisados na anualidade da súa execución.

6.5.3. ESTUDO SOBRE BENESTAR EMOCIONAL E SAÚDE MENTAL DA INFANCIA E DA ADOLESCENCIA

Os indicadores dispoñibles respecto á saúde mental no municipio amosan unha situación á que se lle debe de prestar atención, tendo unha das taxas de suicidio máis altas de Galicia. Por iso, cómpre coñecer a situación de primeira man para poder atallala canto antes e, máis, no caso dos NNA, dos que non se dispón de información concreta nesta materia.

Indicadores:

- Realización do estudo

Área municipal encargada:

- Concellería de Servizos Sociais, Promoción Económica, Sanidade, Muller e Emprego

Orzamento:

- 15.000 €¹⁸

Calendarización (anualidade):

- 2026

Carácter:

- Puntual



¹⁸ Estimación realizada a prezos de mercado do ano 2023, poderá existir variación segundo o ano de aplicación. Os orzamentos non son vinculantes, e deberán ser revisados na anualidade da súa execución.

6.5.4. ÍNDICE DE FOCALIZACIÓN DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS

Coa intención de coñecer de partida a situación dos orzamentos destinados a infancia e adolescencia do municipio da Laracha, podendo así reorientalos en caso de ser necesario, preténdese aplicar o Índice de Focalización desenvolto por UNICEF.

Indicadores:

- Nº de anualidades orzamentarias municipais analizadas a través do Índice de Focalización en Infancia e Adolescencia de UNICEF España.

Área municipal encargada:

- Área de Asuntos Económicos e Facenda

Orzamento:

- Sen custo económico

Calendarización (anualidade):

- 2026 (inicio), debe manterse ano a ano

Carácter:

- Permanente





Validación
participativa

7. VALIDACIÓN

O presente plan conta con un proceso de validación participativa por parte dos órganos de participación dos NNA do municipio da Laracha (Espazo de participación de Infancia e de Adolescencia) e o Espazo Interno de Coordinación Interdepartamental. A intención desta validación é dobre, tratándose de buscar a máxima eficacia posible contando coa validación de que as actuacións responden ás necesidades dos NNA e se aplican por e para eles, así como se desenvolven dun xeito coordinado entre os diferentes departamentos municipais, atendendo ás necesidades e situacións propias de cada un dos mesmos.

Así, en primeiro lugar, realizouse un borrador de propostas de accións á aplicar para mellorar a situación da infancia e da adolescencia no municipio larachés, tras a análise obtida do diagnóstico da situación de partida local nesta materia. Con estas propostas, foi realizado un encontro participativo cos NNA escollidos como representantes das diferentes aulas que compoñen os centros educativos do Concello da Laracha, no que foron dinamizadas actividades nas que se lles permitise xogar, reflexionar e propoñer entorno á diagnose e o propio Plan. Con isto, foron repensadas as propostas e engadidas novas, obtendo un primeiro borrador final.

Este borrador final foi remitido ás persoas do Espazo Interno de Coordinación Interdepartamental, co que tamén foi celebrado un encontro participativo para a mellora do Plan. Así, nesta reunión, contouse cun proceso de validación das propostas recollidas no presente documento, conformando o I Plan Local de Infancia e de Adolescencia do concello da Laracha.

Nos apartados recollidos a continuación cóntase con información no referido ás dinámicas de participación aplicadas e os resultados obtidos nas mesmas.

7.1 ENCONTRO DE VALIDACIÓN CO ESPAZO DE PARTICIPACIÓN DOS NNA

Tralo desenvolvemento das liñas estratéxicas púxose en marcha un encontro co Espazo de Participación de Infancia e de Adolescencia da Laracha. Co mesmo, preténdese que os NNA representantes dos seus compañeiros e compañeiras validen estas liñas de actuación e aporten ideas sobre como abordar as mesmas. Todo isto a través dunha metodoloxía participativa, na que se mesture o xogo co deseño estratéxico. Para este encontro a participación foi de 19 NNA, pertencentes á totalidade dos centros educativos de primaria e secundaria do municipio.

Así, foi necesario non só a validación das propostas recollidas no borrador do Plan senon, tamén, a diagnose de partida para estas propostas. Así, en primeiro lugar, foi realizada á dinámica de “O municipio que queremos” na que, a través da metodoloxía de UNICEF España, foron valorados os aspectos negativos e positivos do municipio. Posteriormente, en base a esas ideas, os NNA do EPIA escolleron aquelas temáticas que consideraban como prioritarias para abordar ao longo do Plan. Finalmente, realizaron propostas sobre como abordar os aspectos negativos e como afondar nos aspectos positivos. En base a estas propostas, os NNA seleccionaron aquelas que consideraban como máis prioritarias, sendo as seguintes as máis valoradas:

Táboa 6. Propostas realizadas polos NNA do Espazo de Participación para as principais temáticas seleccionadas

Temática á que responden	Aportación
Espazo público	Deseñar un espazo público máis bonito e colorido, pintando fachadas e reverdecendo o espazo público
	Construír un espazo público máis desfrutable (fontes de auga, accesibilidade, etc.)
Mobilidade	Medidas que faciliten o uso do transporte público
	Construír un municipio máis seguro
	Fomentar a mobilidade activa, concienciado e facilitando (carrís bici, alugueiro de bicicletas, beirarrúas amplas e lisas, etc.)
	Desprazarse en patinete, bicicleta, etc.
	Cargadores de coches eléctricos
	Garantir a accesibilidade universal nos desprazamentos
Ocio	Deseñar zonas de xogo (como parques) pensados para todas as idades, non só para as máis temperás
	Facilitar que os parques poidan ser espazos de encontro entre as diferentes idades

En segundo lugar, para manter esta idea de validación dos dous aspectos, realizouse un barómetro de opinión. Neste caso, as afirmacións estaban vinculadas coas liñas estratéxicas e propostas que se recollían no documento pre-eliminar do I Plan de Infancia e de Adolescencia do concello da Laracha. Os resultados da actividade son as seguintes:

Táboa 7. Resultados do barómetro realizado no encontro de validación con NNA do I Plan Local de Infancia e de Adolescencia do Concello da Laracha

Frase	Desacordo	Neutral	De acordo
▪ Gustaríame un mundo no que non houbera colexio ou instituto	1	1	19
▪ Gústame moito vivir na Laracha	0	8	13
▪ Gustaríame que na Laracha houbera máis facilidades para poder desprazarme a pé	0	5	16
▪ Gustaríame que na Laracha houbera máis facilidades para poder desprazarme en bici ou patinete	0	1	20
▪ Gustaríame que na Laracha se teña máis en conta a opinión dos NNA	0	0	21
▪ Gustaríame saber máis do pasado e do presente do meu concello	0	0	21
▪ Coñezo ben os dereitos e deberes da infancia e da adolescencia	2	9	8
▪ Gustaríame que os NNA tivéssemos unha maior autonomía das persoas adultas	0	0	18
▪ Quixera facer da Laracha un lugar máis seguro para os NNA	0	0	18
▪ Os equipamentos culturais da Laracha son suficientes	18	1	0
▪ E os equipamentos deportivos tamén	18	1	0
▪ Gustaríame que nos tivesen en conta para o deseño das rúas, dos parques e dos patios escolares da Laracha	0	2	17
▪ Temos suficientes espazos de lecer para a infancia e a adolescencia no noso municipio	18	1	0
▪ Encántanme as áreas recreativas que temos na Laracha	7	12	0
▪ Na Laracha a xente é moi respectuosa co noso medio natural	7	12	0
▪ Os NNA na Laracha temos moitas cousas para facer, non nos podemos aburrir	15	4	0
▪ Gústame formar parte do Consello de Infancia e Adolescencia da Laracha	0	0	19

Con estes resultados das diferentes dinámicas realizadas no encontro, conseguíuse recoller e/ou validar os principais aspectos que deben abordar as actuacións que este I Plan Local de Infancia e de Adolescencia recolle. Do mesmo xeito, os NNA tamén realizaron as súas aportacións sobre posibles formas de atender estas problemáticas, a través dunha perspectiva que integre tanto a eles e elas como ao conxunto da veciñanza.

Así, nas diferentes accións a poñer en marcha no período que abarca o PLIA recóllense as diferentes aportacións realizadas polos NNA, sendo fundamentais na articulación desta planificación. Desa forma, a continuación, aportase a relación de aspectos chave sinalados polos NNA e as actuacións que se recollen no documento:

Táboa 8. Puntos chave seleccionados polos NNA a abordar no I Plan Local de Infancia e de Adolescencia e actuación que responden ás mesmas

	Actuación
É preciso contar con máis facilidades para unha mobilidade activa e para contar con un municipio accesible	Elaborar un Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS)
	Deseñar camiños escolares seguros e desenvolvemento dun Bicibús na contorna dos CEIPs
	Creación dun parque de educación viaria
	Formar parte activa da rede "Ciudades que caminan"
Gustaríalles aumentar a autonomía fronte ás persoas adultas	Deseñar camiños escolares seguros e desenvolvemento dun Bicibús na contorna dos CEIPs
	Dinamización de actividades de concienciación en materia de mobilidade dentro do EPIA
	Desprazamento en outros medios de transporte (poder alugar bicicletas)
	Elaboración de guías metodolóxicas e divulgativas para os centros educativos sobre participación e dereitos dos NNA
Cómpre aumentar as canles para que as opinións dos NNA se teñen en conta	Aprobación dun regulamento municipal de participación
	Dinamización do espazo de participación de infancia e de adolescencia
	Participación no Consello autonómico de participación da infancia e adolescencia
	Coordinación entre o espazo de participación de infancia e de adolescencia e o de coordinación interdepartamental
Os NNA teñen interese en participar no deseño das rúas, os parques e os patios escolares do municipio	Sumarse como municipio na iniciativa "A Vila do Mañá"
	Deseño do espazo de recreo dos centros educativos e dos parques do municipio
	Programa de arte público participativo
Os espazos de lecer non están adaptados ás necesidades de todas as idades	Deseño do espazo de recreo dos centros educativos e dos parques do municipio
Concienciar sobre o coidado do medio ambiente	Ampliación da iniciativa da "Patrulla Ecolóxica" existente no CEIP Otero Pedraio á totalidade dos CEIPs e dentro do propio EPIA
	Desenvolvemento de actividades de divulgación do patrimonio cultural e natural da Laracha a través dun programa denominado "Descubriendo A Laracha"
	Sensibilización de NNA na xestión e xeración de residuos

7.2 ENCONTRO DE VALIDACIÓN CO ESPAZO INTERNO DE COORDINACIÓN INTERDEPARTAMENTAL

Co documento-borrador do Plan, desenvolto a través da análise da situación do municipio recollida na diagnose e as ideas aportadas polos NNA, foi realizado un encontro participativo no que formaron parte as diferentes áreas do Concello da Laracha. Con el, preténdese a recollida de propostas e a mellora das propostas xa existentes, mediante a visión transversal que implica o desenvolvemento desta fórmula de gobernanza multidepartamental.

Nese sentido, as áreas municipais que formaron parte deste encontro participativo de validación foron as seguintes:

- Comunicación
- Cultura
- Deportes
- Educación
- Emprego
- Intervención
- Medio ambiente
- Obras e urbanismo
- Policía Local
- Secretaría
- Servicios Sociais e Igualdade
- Xuventude

Cada unha das persoas participantes recibiu o borrador inicial tralas propostas desenvoltas a partir da diagnose e a as ideas dos NNA. Momento no que, ademais, foron convidados á participación no encontro e/ou ao traslado de calquera aportación de mellora do documento e das propias propostas. Posteriormente, durante o encontro, foron realizadas diversas actividades de participación que permitiron o traballo conxunto para a definición das diferentes actuacións coas que contamos no presente documento.

Obtense así un Plan validado a través das diferentes áreas municipais encargadas do seu desenvolvemento, así pensado a través da mirada e das ideas das principais persoas implicadas no mesmo: os nenos, nenas e adolescentes.



Seguimiento,
avaliación e
divulgación

8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O proceso de seguimento das accións postas en marcha a través do Plan Local de Infancia e de Adolescencia do Concello da Laracha precisa que sexa realizado de forma anual, implicando non só un seguimento técnico senon tamén dos diferentes estamentos de gobernanza e participación implicados ao longo do proceso (EICI e EPIA). Por iso, cómpre empregar as seguintes técnicas para o seguimento:

- Entrevistas-cuestionarios co persoal administrativo de cada área
- Revisión de informes de execución
- Encontros participativos con conselleiros/as do EPIA
- Encontro participativo anual co EICI

A través destas técnicas, así como calquera outra que fose necesario aplicar segundo as circunstancias, contaremos cos resultados dos diferentes indicadores para cada unha das accións recollidas no presente plan. Nese sentido, será necesario a realización de memorias anuais que recollan a situación das diferentes propostas, xunto cos indicadores e informes de actuación correspondentes. Do mesmo xeito, ao finalizar o período que comprende este I Plan de Infancia e de Adolescencia do concello da Laracha realizarase a correspondente memoria final.

Do mesmo xeito, as diferentes áreas municipais a través do Espazo de Coordinación interdepartamental e o propio Espazo de Participación de Nenos, Nenas e Adolescentes poderán realizar os necesarios cambios das diferentes actuacións recollidas, así como eliminar ou incluír aquelas que fosen preciso. Nese sentido, preténdese que o Plan se estableza como un documento de referencia no que se aborde a mellora da situación dos NNA laracheses, polo que cómpre dotalo de capacidade de adaptación ás situacións que poidan derivarse ao longo deste período.

Ambas cuestións, tanto o seguimento dos indicadores e desenvolvemento das actuacións xunto aos cambios que se poñan en marcha, deberán recollerse nunha memoria final. Esa memoria cómpre que sexa difundida polos diferentes canais municipais dispoñibles (redes sociais, páxina web, correo electrónico, etc.). Do mesmo xeito, o seguimento anual e o seguimento final será preciso que conte co aval do Espazo de Coordinación Interdepartamental.

9. ANEXOS

ANEXO I. CALENDARIZACIÓN

Liña	Código	Medida	2023	2024	2025	2026	2027	Carácter	Orzamento ¹⁹
1. Impulsar a participación dos NNA	1.1.	Aprobación dun regulamento municipal de participación						Puntual	Sen custo
	1.2.	Dinamización do Espazo de Participación de Infancia e Adolescencia						Permanente	Sen custo
	1.3.	Participación no Consello Autonómico de participación de Infancia e Adolescencia						Permanente	Sen custo
	1.4.	Sumarse como municipio na iniciativa "A Vila do Mañá"						Puntual	5.000 €
	1.5.	Coordinación entre o EPIA e o EICI						Permanente	Sen custo
	1.6.	Deseño do espazo de recreo dos centros educativos e dos parques do municipio de xeito participativo						Puntual	30.000 €
2. Construír un municipio comprometido coa mobilidade activa e segura	2.1.	Elaboración dun Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS)						Puntual	25.000 €
	2.2.	Deseño de camiños escolares seguros e desenvolvemento dun bicibús na contorna dos CEIPs						Puntual	12.000 €
	2.3.	Deseño dun programa de educación viaria						Permanente	20.000 €
	2.4.	Dinamización de actividades de concienciación en materia de mobilidade dentro do EPIA						Permanente	10.000 €
	2.5.	Adhesión á rede "Ciudades que Camiñan"						Puntual	3.000 €
3. Coidar o noso medio ambiente, os nosos saberes e a nosa historia	3.1.	Deseño do programa "Daquela Laracha"						Puntual	15.000 €
	3.2.	Ampliación e mantemento de actividades de coidado do territorio (patrulla ecolóxica, limpeza de ríos, etc.)						Permanente	Sen custo
	3.3.	Desenvolver actividades de divulgación do patrimonio cultural e natural da Laracha a través dun programa denominado "Descubrinto a Laracha"						Puntual	10.000 €
	3.4.	Consolidación dun Programa de arte público participativo						Permanente	60.000 €
	3.5.	Campañas de concienciación do coidado do medio ambiente para todas as idades						Permanente	9.000 €
	3.6.	Sensibilización de NNA nas "Tres rs"						Permanente	9.000 €
4. Formar e informar sobre os nosos dereitos	4.1.	Desenvolvemento dun programa de educación en valores						Permanente	9.000 €
	4.2.	Creación de redes de información entre a infancia e a adolescencia (antenistas)						Permanente	Sen custo
	4.3.	Elaboración de guías metodolóxicas e divulgativas para os centros educativos sobre participación e dereitos dos NNA						Puntual	4.000 €
	4.4.	Divulgación dos dereitos da infancia e da adolescencia a través de publicacións nas redes sociais municipais						Permanente	Sen custo
	4.5.	Comunicación para a cidadanía sobre as actuacións relacionadas co EPIA e o PLIA						Permanente	3.000 €
5. Atopar na Administración o noso espazo	5.1.	Participación no proxecto "Protección a la infancia desde lo local" de UNICEF España						Puntual	12.000 €
	5.2.	Dotar os espazos municipais de elementos de xogo e de coidado para NNA						Puntual	2.000 €
	5.3.	Estudo sobre benestar emocional e saúde mental da infancia e da adolescencia						Puntual	15.000 €
	5.4.	Índice de focalización dos orzamentos municipais						Permanente	Sen custo
TOTAL									250.500 €

¹⁹ Estimación realizada a prezos de mercado do ano 2023, poderá existir variación segundo o ano de aplicación. Os orzamentos non son vinculantes, e deberán ser revisados na anualidade da súa execución.



CONCELLO
DA LARACHA